




A Restauración


1º Bach. - IES Mendiño
Prof. Xael Díaz Alonso



A Restauración


A Restauración

- ★ Tras a derrota definitiva de Napoleón, as potencias europeas (Reino Unido, Austria, Prusia e Rusia) impulsaron un proceso político para **desmantelar a Revolución**.
- ★ Este recibe o nome de **Restauración**, xa que pretendía restaurar o Antigo Réxime.




A Restauración

- ★ Foi clave o **Congreso de Viena** (1814-1815), presidido por **Klemens von Metternich**, no que participou o novo rei francés, Luis XVIII.
- ★ O obxectivo era garantir a **estabilidade** no Vello Continente e evitar que se producisen revolucións como a de 1789.




A Restauración




A Restauración



A Restauración





Principios da Restauración

Principios da Restauración

★ O Congreso de Viena deu lugar a tres grandes principios políticos que definiron a vida europea no século XIX:

★ ***Absolutismo***

★ ***Equilibrio internacional***

★ ***Intervencionismo***




Absolutismo

- ★ As potencias estableceron que a **monarquía absoluta** era a forma lexítima de goberno.
- ★ Restáurase a dinastía dos Borbóns en Francia, e fíxase o criterio da **lexitimidade dinástica**, segundo o cal só os monarcas tradicionais tiñan dereito a gobernar.



Absolutismo



Absolutismo



Absolutismo

- ★ Este principio supuxo unha **reacción directa contra o liberalismo** político e contra a idea de soberanía nacional.
- ★ O absolutismo identificábase coa esta bilidade, mentres que o liberalismo era o caos.



Equilibrio internacional

- ★ Preténdese **evitar que calquera Estado poida impoñer a súa hexemonía** sobre os demais.
- ★ Establécese un **sistema de equilibrio de poder**, baseado en alianzas e compensacións territoriais para manter a paz.
- ★ Reino Unido, Austria, Prusia e Rusia serán o núcleo que trate de **preservar a estabilidade**.



Equilibrio internacional



Intervencionismo

- ★ As potencias absolutistas deciden **intervir militarmente** alí onde se amence ó sistema.
- ★ Rusia, Prusia e Austria crean a **Santa Alianza (1815)** coa finalidade de defender os valores do absolutismo, a relixión e a orde tradicional. Este alianza será un mecanismo de “**contrarrevolución organizada**” contra os liberais.



Santa Alianza



Austria



Prusia




Rusia

Intervencionismo



Intervencionismo





Remodelación territorial de Europa

Remodelación territorial de Europa

- ★ O Congreso de Viena fixo unha **reorganización das fronteiras** europeas. Estes cambios tiñan dúas finalidades principais:
- ★ **Illar Francia** para evitar que dominase o continente.
- ★ **Compensar ás potencias vencedoras** das Guerras Napoleónicas.



Modificacións territoriais

- ★ **Creación do Reino dos Países Baixos**, que incluía Bélxica e Holanda, para así ter un Estado forte ao norte de Francia.
- ★ **Reforzamento de Austria**, que fortalece o seu control sobre Italia (Lombardía e Véneto) e pasa a liderar a nova Confederación Xermánica.



Modificacións territoriais

- ★ **Ampliación de Prusia** cara ao oeste (Renania), na fronteira con Francia, consolidándose os prusianos como gran potencia.
- ★ **Rusia obtén gran parte de Polonia**, converténdose endominante no leste.
- ★ **Piemonte-Sardegna recupérase e amplíase**, buscando fortalecer a zona fronteiriza con Francia.



Modificacions territorials





LE GÂTEAU DES ROIS,

Modificacions territoriais



Modificacions territoriais





Pracaso da Restauración

Fracaso da Restauración

- ★ A Restauración non conseguiu eliminar as ideas da Ilustración e a Revolución Francesa.
- ★ O novo mapa e a imposición do absolutismo agravaron as **tensións**, derivando na progresiva expansión das ideas liberais en nacionalistas por toda Europa. Isto fixo **fracasar o sistema da Restauración**.



Expansión do liberalismo

- ★ A **burguesía urbana**, fortalecida pola Revolución Industrial, defendía a **igualdade xurídica**, as **liberdades individuais** e a **representación parlamentaria**.
- ★ O absolutismo parecía ser incompatible cunha sociedade que avanzaba cara **novas formas de economía e de organización social**.



Expansión do liberalismo



Expansión do liberalismo



Expansión dos nacionalismos

- ★ En moitos pobos europeos creceu a idea de que eran **nacións** ao longo da etapa revolucionaria e napoleónica.
- ★ O mapa imposto no **Congreso de Viena ignoraba completamente os sentimentos nacionais:** italianos, alemáns, polacos... Debido a isto, os nacionalismos acabarán sendo decisivos.



Expansión dos nacionalismos



Expansión dos nacionalismos



Pracaso progresivo do sistema da Restauración

- ★ As **vagas revolucionarias de 1820, 1830 e 1848** evidenciaron que a Restauración era incapaz de deter as demandas de liberdade política e autodeterminación nacional.
- ★ **Metternich**, símbolo do sistema, cae en 1848, marcando o principio do fin da Restauración.



Pracaso progresivo do sistema da Restauración



Pracaso progresivo do sistema da Restauración



Pracaso progresivo do sistema da Restauración



Pracaso progresivo do sistema da Restauración





Ánimo co estudo!